

ADIANTE

XORNAL
C.R.A. de
NARÓN



Nº-31-2019

OS NÓSOS GRUPOS...



Val 4º Infantil



Val 5º Infantil



Val 6º Infantil



Val 1º Primaria



Val 2º Primaria



Val 3º Primaria

ÍNDICE

1. EDITORIAL.
2. A VOZ DO CRA.
3. OFICIOS DE SEMPRE.
4. SAÍDAS E EXCURSIÓNS.
5. DÍA DAS LETRAS GALEGAS. ANTÓN FRAGUAS.
6. PASATEMPOS.
7. ENTREVISTA A ANTÓN CORTIZAS.
8. O RESCATE DE TOMASA (CONTO).
9. FOTOS DOS MURAIIS DE INTERCENTROS.
10. SINATURAS.

EDITORIAL

Novamente con vós, a revista ADIANTE acada o seu número 31.

Este ano está adicada aos oficios de sempre como redeiras, labregos/as, zoqueiros/as e carpinteiros de ribeira; este tema tamén se reflectiu nos murais que fixemos para o Certame Intercentros de Narón, no que, dende Infantil a Primaria, todas as aulas do CRA traballaron un oficio.

Nas Letras Galegas de 2019 traballouse a figura de Antón Fraguas, que tamén recollemos na revista, e recibimos a visita do escritor ferrolán Antón Cortizas, que foi entrevistado polos alumnos e polas alumnas de Primaria.

Como toda publicación que se prece, hai un espazo para pasatempos, contos, novas e unha sección fotográfica para que vexades os murais e os grupos de cada aula.

Como novidade, este número de ADIANTE, ofrece un lugar para recoller as sinaturas e adicatorias das compañeiras e compañeiros de escola, das mestras...

Hai unha morea de cousas interesantes agardando por vós!


A VOZ do C.R.A de NARÓN

EDICIÓN ESPECIAL

NOTICIAS SORPRENDENTES

VENRES,

17-MAIO-2019



OS BOMB EIROS RESCATAN UNHA
RATA QUE QUADOU ATRAPADA
NUMHA ALCANTARILLA PORQUE
ESTA BA MOI GORDA

O TEMPO


VENRES



SÁBADO



DOMINGO





VAL
3-4-5
ANOS

A POLICIA RESCATA UN BEBÉ

NUM ACCIDENTE, A POLICIA
RESCATA UN BEBÉ E
REMATA DÁNDOLE O BIBE
E CANTÁNDOLE UN
ARROLO

HOME COME A SENTO

NO REINOUNIDO
BYSCAN UN HOME
QUE COMEU UN
ASENTO DUN
AUTOBÚS.




O CHOVEN O PELOTAS O DE O O
O GOLF NA ESCOLA DO JAL O O O




|| CampoMar
club de golf

DENTISTA ROUBA DENTES Ó RATÓN PÉREZ

UN DENTISTA ROUBA OS
DENTES DO RATÓN PÉREZ
E OS UTILIZA NA SÚA
CLÍNICA PRA FACER
IMPLANTES.




« EMPUXAN UN AVIÓN »
UN AVIÓN TIVO QUE SER EMPUXADO POLOS
PASAXEIROS EN RUSIA.




GATO CONXELADO

UN GATO CONXELADO DURANTE UNHA TORMENTA DE NEVE LOGRA REVIVIR TRAS SER RESCATADO



NOVO PATIO CUBERTO NO VAL

OPERARIOS DO CONCELLO REMATAN CON ÉXITO O NOSO PATIO CUBERTO DO VAL. TE MOS MOITO ESPAZO PARA XOGAR



FERROLANA NOS CORPOS DE ÉLITE


A PRIMEIRA MULLER
DOS CORPOS DE ÉLITE
DA GARDA CIVIL E
DE FERROL

¡PARA BENS
AMI GUINAI!



FORMIGA LADROA


UN XOIEIRO ESTABA
CREANDO UN ANEL
CANDO UNHA FORMIGA
INTENTOU ROUBARLLE
O DIAMANTE QUE
TIÑA NA MESA



PEMENTOS DO COUTO NON PICA
NIN UN NIN OUTRO. O

PEIDOS VACUNOS
CAUSAN UN CEN DIO


OS PEIDOS DE
QOVACAS CAUSAN
UN INCENPIO
NUN HA GRANXA



<<UN MAR DE MUIÑEIRAS>>

OS NENOS DE PRIMARIA DO CRA DE NARÓN PARTICIPAN
NO MAR DE MUIÑEIRAS CO RESTO DOS CENTROS
DA TOMARCA.



The page is decorated with small black ant icons scattered around the text. There are 15 ants in total: 8 along the top edge, 3 along the right edge, and 4 along the bottom edge.

XOGO

ADIVINA SE AS NOTÍCIAS
SON VERDADEIRAS OU FALSAS
PON NO CÍRCULO DE CADA

NOTÍCIA:


- UNHA (V) SE É VERDADEIRA
- E UNHA (F) SE É FALSA.

VERDADEIRO → (V)


FALSO → (F)

SOLUCIONES


VENRES. 17-MAIO-2019




V




F




V




V




V




V



V




V



V



V




V

OFICIOS

DE

SEMPRE




REDEIRA

En Galicia é onde existe maior número de redeiras.


O seu labor de reparación e confección de redes, diferentes en función do tipo da arte de pesca, da técnica de confección da rede, mesmo a petición do armador, é fundamental para que os labores da pesca se poidan levar adiante.

Os barcos que chegan a porto descargan as redes deterioradas e recollen aquelas que xa foron reparadas para volver faenar.


Cada tipo de rede ten un modo de confección diferente e estas artesáns son capaces de dominar todas as técnicas para a confección, montaxe de artes e aparellos de pesca, a súa reparación ou mantemento.



Cerco




Volanta (arte menor)



As redeiras traballan catro técnicas elementais: artes, menores, cerco, arrastre e palangre.


As redeiras empregan o prano ou malla e os cabos que poden ser de fibras naturais como cánamo e algodón, ou con fibra sintética como nailón...

Empregáse tamen cordas de varias medidas, fíos de polietileno, de nailón, así como cables metálicos de distintos grosos.




Como ferramentas na elaboración e reparación de redes, se empregan furda.









mentalmente a navalla e a agulla ou lanza-
deira. Tamén empregan tesoiras, metros, marte-
los..



En Galicia existen oito asociacións que agrupan a preto
de 150 redeiras, nos portos de Cariño, Cedeira, Malpica
Corme, Cambados, Portosín, Cangas e A Guarda.

A maior parte están agrupados en torno á Federación Galega de
Redeiras Actas "O Peirao".






2º PRIMARIA




LABREGOS E LABREGAS.

Para contar cousas da vida dos labregos e labregas preguntámoslles aos nosos avós e avoas como era esa vida. E eles e elas contáronnos pequenas historias que agora escribimos aquí para que leades e vexades o que facían.



Contáronnos que nos seus tempos cultiva-
ban a terra e plantaban patacos, millo, liño,
centeio e trigo.

Para preparar as terras e recoller as colleitas axudábanse dos animais como os vacos,





ou os cabalos.

Enganchábanlles o arado, a ograde, o carro...



Ian á leña, molino ou estrume.

Usaban ferramentas coma o raño, aiscada, fouciño, enciño, arado, cainzo, grade, sachos, orquilla, gadana ...







Daquela non había sulcatos
 para as colleitas, así
 que recoñecían as súas
 terras e cando vían plagas
 coma os vermes ou os esca-
 rabellos, collían-



nos e

metíanos nun



caldeiros e despois queimábalos. Desta maneira acababan coas plagas e non contaminaban as terras.

Plantaban para o seu consumo e o que lles sobra, levábano ao mercado en cestas na cabeza ou en carros.



Tamén ían ao muiño para moer o gran e despois facían o pan.

Vivían en casas de pedra co chan de terra e varrían con

xestas.




Non tiñan calefacción! Tiñan lareira, durmían entriba da corte das vacas en colchoís feitos da pelica de millo.

Os mobles estaban feitos de madeira de pino, carballo ou castiñeiro.

As familias eran moi numerosas e todos axudaban.

Os avós díxéronnos que había moitas diferenzas cos tempos agora.




Non había tecnoloxía.

Non había estradas, había camiños.

Os contos contábanse ao pé do lume das lareiras e agora lense nos libros

Hoxe os traballos do campo fanos as máquinas e moitos utensilios de labranza xa non se usan.

Aínda así contáronnos que os leisacés que tamén foron labregos revelan moito peor porque naceron e viveiron nos tempos da guerra.



ZOQUEIRO



O oficio de zoqueiro/a é un traballo moi antigo e artesanal. Antiguamente,




os zoqueiros arranxaban pares de zocos de madeira

que se usaban nas aldeas para traballar no campo e que non entrara a auga nos pés.

Agora, existen zocos máis modernos con peles de cores e tamén mulleres zoqueiras que queren ensinar o oficio a outras persoas para que non se perda.

O material que necesitamos

para facer o zoco é: madeira e couro de vaca.












Como se fai? Primeiro temos que cortar a madeira da taibore e preparala para traballar con ela coa axuda do serrón ou do machado. Logo apoiámos na burro de desbastar e comecemos a darlle forma coa axuda das ferramentas: anxola, trencha, gubias...

Condo colle algo de forma apoiámos a madeira no burro de escarvar e comecemos a facer o zoco para poder meter o pé coa axuda de gubias, legros ou trades.






Remataremos de darlle a forma que queremos con coitelos e bastreíns.





Para as Zocas xa estamos listos. Pero se queremos facer o zoco temos que poñer o coiro, dándolle a forma correcta e temos que coselo e fixalo á madeira coa axuda de croches ou grampos.

Como vedes este oficio ten moito traballo e, como é artesanal, os zocos ou zocas aínda feitos pola mesma persoa son únicos e diferentes.




1º curso de Educación Primaria.

COMPLETA O DEBUXO DESTA GAMELA

Alexandre
Daniel 4º

OS CARPINTEIROS DE RIBEIRA.



A carpintaría de ribeira é a industria de construción artesanal de barcos de madeira. A construción de embarcacións de cabotaxe deu o seu nome a estas carpintarías, que cubriron dende antigo a construción de pequenas barcas, pero tamén ata finais do século XIX outras embarcacións de máis calado como corvetas, goletas ou bergantíns.

• TRABALLOS QUE FAI O CARPINTEIRO DE RIBEIRA:

Selección da madeira

Para as pezas máis importantes da estrutura (roda, codaste, cadernas) madeira con dureza e curvatura ideais: por exemplo, carballo. As pezas longas, quilla e sobrequilla, madeira de troncos longos e rectos, como eucalipto ou ciprés.

Almacenamento ao aire libre

Para ter un grao ideal de humidade, a madeira almacénase ao aire por un tempo longo abondo.

Debuxo de planos

Antes de comezar a construción, fanse os debuxos na mesa de gálibo.

Desenvolvemento da construción

Quilla, roda e codaste

A construción comeza coa quilla, na que se va unir roda (que constitúe a armazón da proa) e codaste (da popa). Estas tres pezas afirmanse con durmintes, para dar rixidez ó conxunto.

Cadernas

Ao conxunto anterior únenselle as cadernas. As primeiras en ser colocadas son as chamadas tercio de proa e tercio de popa, que se sitúan no tercio anterior e posterior da medida total da quilla. Logo van incorporándose o resto, en cantidade variable segundo o tamaño da embarcación. En barcos de maior porte, as cadernas afirmanse sobre a quilla sobrepoñendo a esta a sobrequilla.

Baos

Ás cadernas únenselle, de costado a costado a nivel de cuberta, os baos que a van soportar. O conxunto ata aquí constitúe a obra morta.


Forro do casco

O casco entáblase a partir da obra morta: dende o alto até a liña de frotación, para seguir dende a quilla até rematar coa obra morta xa entablada, tendo así a obra viva.

Madeiras utilizadas na construción de barcos, dornas e gamelas:


Para a obtención das vigas e diferentes pezas de madeira que compoñen o casco dun barco, os propios carpinteiros compraban árbores en pé, nos montes. Para a construción das **costelas** ou **cadernas** e outras pezas curvas elixían árbores con estas formas, para as **quillas** precisaban troncos longos e rectos.

Xeralmente utilizouse o carballo do país para o esqueleto do buque: quillas, cadernas, **codaste** e **roda**. Os **baos** construíanse con acacia, e o **forro** facíase con piñeiro. Para evitar que podrecera a madeira de carballo mergullábase na auga e tíñase alí máis dun mes, ata dous anos nalgúns casos.



SAIDAS E EXCURSIONS

No 1º trimestre traballamos os pintores e fomos de excursión a ver as Merinas. Tamén fomos ao Museo de Belas Artes.



No 2º trimestre estudamos os oficios. Fomos visitar aos bombeiros e vimos como traballaban.

Paramos moi ben! 

No 3º trimestre estudamos os animais. Fomos de excursión a Aldeanara para aprender moito.

CANTO DISFRUTAMOS



SAÍDA A PEDROSO

O día 28 de setembro de 2018, os nenos e nenas de Primaria do Val fomos a Pedroso para realizar talleres.

O bus deixounos no camiño e nós coas nosas mochilas ao lombo, baixamos ata chegar preto do muíño.

Alí estaban as monitoras esperándonos e



unha vez que nos saudaron e deixamos as mochilas, dividíronnos en dous grupos: primeiro e

segundo un grupo e terceiro e cuarto outro.


Primeiro e segundo foron facer un taller de bolsiñas aromáticas e terceiro e cuarto fomos aos kayaks e a xogos con auga.

Mentres un grupo ía nos kayaks, o outro xogaba, entre outros xogos, a pasar unha esponxa moi mollada por encima da cabeza e colocados en ringleira, tiñamos que pasala ao


que estaba detrás e ir enchendo un caldeiro apretando a esponxa. O equipo que antes o enchía era o gañador.



Logo houbo cambio e os que estaban no xogo pasaron aos kayaks.




Cando rematamos tirámonos ao río! E nadamos un pouco, pois alí non había corrente e non era perigoso.



Despois secámonos,


cambiámonos de roupa e fomos merendar todos os grupos xuntos.



onde fixemos unha limosneira ou bolsa de Xudas. Era moi difícil de picar o coiro, pero ao final conseguimos que nos quedaran ben.

Pasámolo xenial! Esperamos repetir a experiencia en outra ocasión.

A continuación cambiamos de actividade, primeiro e segundo foron aos kayaks e os xogos. Terceiro e cuarto fomos facer un taller de coiro,



3º Primaria

VISITA AO MUSEO

O día 19 de decembro de 2018 os nenos e nenas de Primaria

fomos de visita ao Museo da Fundación
Abarca da Coruña

O motivo da visita foi un proxecto
cultural que o Museo rea-
lizaba e que se titulaba

"Sonoro Empeño"

Dixéronnos que era
para disfrutar da
música e da plástica
ao mesmo tempo.



Cando chegamos ao

Museo recibíronnos as monitoras e subimos nun
ascensor de cristal, dende o que viamos a cidade.
Dividíronnos en dous grupos: primeiro e segundo nun
e terceiro e cuarto noutro. Cada grupo fomos
conha monitora.

Leváronnos a unha sala, fixemos un taller de
Plástica e mentres un grupiño pintaba uns ca-

dvos ruhhas lámimas moi grandes inspirándose na música que soaba, o outro grupiño bailaba.

A continuación fomos ver a exposición "Sonoro empeño". Era impresionante!

Vimos obras de Kandinsky, Picasso, Castelao, Luis Seoane e outros.

Alí tamén fixemos un xogo de búsqueda. Tiñamos que atopar unhas caixiñas


e dentro había obxectos ou instrumentos relacionados coa arte, pero antes había que atopalas nos cuadros.

Ao final xuntámonos co grupo de primeiro e segundo, que fixo as mesmas



actividades ca nós e tomamos a parva
todos xuntos.

Cando marchamos prometemos volver para
o ano que ven porque saímos
felices e con moitas
coisas aprendidas.



O día 7 de marzo fomos a Aldea Nova en Sedes. O primeiro que fixemos foi repartirnos en grupos. Un grupo foi cuidar animais, outro a plantar e outro a experimentar.

Nos animais vimos: coellos, ovelhas, galiñas, cabras, burra, vaca, cabalo, porco e un can.

Limpamos a caca do porco e cepillamos. Démoslle de comer herba á vaca e tocamos coellos e cabras. Non puidemos montar a cabalo porque chovía.



No invernadoiro plantamos unha semente de xirasol e brocoli.



Nos experimentos fixemos unha mestura de bicarbonato e vinagre nunha botella. deixamos actuar e a botella saíu voando

Coa mesma mezcla saíu espuma dun vaso coma un volcán.

Outro experimento foi botar auga en tres vasos con cores: azul, amarelo e vermello e coa axuda dun papel enrolado xuntábanse as cores.

Fixemos un descanso para merendar e as profes nos deixaron xogar antes de volver á escola.






O 20 de Marzo fomos a Santiago de Compostela ao MUPEGA e a catedral. No museo vimos un esqueleto de abella, un de ra e un de lealea. Tamén vimos cráneos de neandertais, un raposo seco e moitas cousas antigas: libros, teléfonos, calculadoras, clases, mapas...

Vimos cadros con información sobre o ser humano. Fomos a unha sala onde debuscamos as cousas que esperabamos atopar na exposición nunhas diapositivas que logo puxemos nun proxector caseiro. Gustounos bastante.




Despois da visita ao museo Merendamos no campo e logo fomos en bus ata a Catedral. Ali vimos o botafumeiro, a tumba de Santiago e abrazamos ao Apóstolo. Dentro estaban en obras pero por fóra estaba arranzada e limpa. Dimos unha volta arredor, polas prazas, e estivemos un chico tocando a gaita.

Logo comimos na Alameda. As profes deixáronnos xogar un pouco e volvímos ás 17:30 horas. Pasámolo xenial.





D D D



Tumbao

Santiago

DÍA
DAS
LETRAS
GALEGAS
2019

ANTON

FRAGUAS

DIA DAS LETRAS GALEGAS 2019

O día das letras galegas celébrase desde 1963 pola Real Academia Galega como homenaxe á creación literaria en galego e pola defensa da lingua.

A data de celebración escóllese para homenaxear á publicación do primeiro exemplar da obra "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro en 1863. Data que marca o inicio do "Rexurdimento," o renacemento cultural galego.

Este ano o protagonista das letras galegas é Antón Fraguas.

ANTÓN FRAGUAS

Naceu en Cotobade (Pontevedra) no 1905.

COTOBADE

* Colorea cada provincia
dunha cor e pon o
nome.



- Vive coa súa nai (o pai marchou a Brasil).
- Estudou nunha escola rural.
- Foi alumno de Castelao.



- Estuda Filosofía e Letras na Universidade Compostelá onde acabará licenciándose e será profesor auxiliar.

- No ano 1923 un grupo de universitarios composteláns entre os que se atopaban Bouza Brey, Filgueira Valverde e Luis Tobío

deciden crear o Seminario de Estudos Galegos.

- Ingresou tamén nas Irmaduras de Fala.
- Presentouse á alcaldía do Concello de A Estrada e se incorpora ao Movemento Galeguista.

- Monta unha academia de ensino privada en Compostela e obtén unha praza de catedrático para o Instituto Masculino de Lugo. Con posterioridade accede a tradado ao Instituto Femenino Rosalia de Castro de Santiago.

XEÓGRAFO

BIDGRAFO



ETNOGRAFO

ARQUEÓLOGO HISTORIADOR


- Exerce de bibliotecario e é xefe da sección de Etnografía e Folclore do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

Segue a estudar os xacementos arqueolóxicos, os costumes e tradicións da nosa terra, le a súa tese de doutoramento, publica artigos e libros.

- En 1951 é elixido académico numerario da Real Academia Galega


- C chegada a xubilación como mestre comeza unha etapa rica en publicacións e marcada pola actividade en torno ao Museo do Pobo Galego

- Logo veñen tamén o Consello da Cultura Galega, a Academia Galega das Ciencias, a Real Academia da Historia.
- Antón Fraguas Fraguas falece o 5 de novembro de 1999 en Santiago de Compostela.




PAZATEMPOS

ATOPA OS ANIMAIS DA GRANJA



Y	N	I	O	V	E	L	L	A	G	I	I	I	
I	W	O	E	J	A	X	R	A	R	M	F	B	N
B	E	V	X	T	M	O	C	G	U	Y	I	O	Y
C	U	D	U	O	Q	D	O	G	F	E	F	F	J
E	G	U	A	C	J	L	Y	A	I	U	R	Y	V
V	A	C	A	A	U	J	Y	S	E	Y	U	G	E
Y	Z	C	A	B	A	L	O	S	C	N	C	T	U
S	N	O	P	O	R	C	O	Q	U	W	D	I	B
C	Y	K	K	P	O	Q	X	U	E	E	A	Y	J
E	V	U	Q	P	U	S	H	N	A	D	A	F	R
K	U	Y	G	A	L	I	Ñ	A	E	Y	B	T	R
B	P	H	P	A	T	O	U	N	M	B	Z	D	E
G	A	L	O	S	E	V	F	W	I	L	C	Z	A
A	Y	H	L	M	L	U	I	T	B	P	W	U	O



EGUA

CABALO

PATO

VACA

GALO

GALINHA



PORCO

OVELLA



JADES

OFÍCIOS



1. DIAGNÓSTICA E CURA ENFERMIDADES

2. REPARTEN CARTAS

3. PEINA E CORTA O PELO

4. DESENHAM PLANOS DUN EDIFÍCIO

5. APAGA O Z LUMES

6. SERVE COMIDAS OU BEBIDAS

7. PROTEGE AOS CIDADANS FAI CUMPLIR

A LEI



ENTREVISTA A ANTÓN CORTIZAS, FEITA POLOS ALUMNOS DE PRIMARIA:

Antón Cortizas veu á nosa escola o 21 de maio para asinar os libros que lemos.

Antes, contestounos a un feixe de preguntas:

ANTÓN, CANTOS LIBROS ESCRIBICHES?

⇒ Contando os gordos e os delgados, debo andar cerca dos setenta, e algúns libros de texto tamén.

CAL DOS TEUS LIBROS GÚSTACHE MÁIS?

⇒ Non son quen de escoller ningún dos meus libros, pois todos eles.

A QUE XOGABAS DE NENO?

⇒ A moitísimos xogos na rúa, con todas as amizades da miña zona.

CAL É A TÚA COR PREFERIDA?

⇒ A cor verde.

CAL É O TEU ANIMAL PREFERIDO?

⇒ Será o merlo.

CAL É A TÚA COMIDA PREFERIDA?

⇒ E será o caldo de nabizas ou de grelos.

CAL ERA A TÚA ASIGNATURA PREFERIDA?

⇒ Gústanme moito as Ciencias da Natureza.

ESCRIBES PRIMEIRO NUN PAPEL OU NUN ORDENADOR?

⇒ A poesía escriboa primeiro en papel. O resto escribo no computador, pero logo todas as correccións fágoas en papel.

EN QUE PENSACHES CANDO ESCRIBICHES “VAIA TROPA!”?

⇒ Quixen facer algo parecido aos limericks de Eduard Lear.

ESCRIBES A DIARIO?

⇒ No, non escribo todos os días. Mais cando me poño a acabar algunha cousa, teño que obrigarme a facelo.

QUEN É ROSALÍA, UNHA NENA DE VERDADE OU INVENTADA?

⇒ Esa Rosalía é inventada, claro; mais está dedicado á miña filla que se chama así.

GUSTÁBACHE SER MESTRE?

⇒ Si, moito. É marabilloso estar traballando con cativas e cativos coma vós.

POR QUE CHE GUSTA ESCRIBIR?

⇒ Pois porque é moi lindo, creativo, reconfortante... É unha actividade como outras.

QUEDACHE CONTENTO COMO CHE QUEDARON OS LIBROS?

⇒ Si, non teño queixa de ningún deles.

CAL É A TÚA PALABRA PREFERIDA?

⇒ Será tenrura, agarimo, respecto, paz...

COMO FAS PARA TER IDEAS PARA ESCRIBIR?

⇒ As ideas van aparecendo por aí. Só hai que pensar, imaxinar, fantasear... ou querer contar algo, simplemente. Claro que non todas as ideas quedan convertidas en historias ou en poemas.

ESCRIBES VARIOS LIBROS Á VEZ? SE É ASÍ, COMO FAS?

⇒ Non, podo ter varios libros encetados, si; mais cando escribo nun non podo dedicarme a outro.

CON CANTOS ANOS EMPEZACHES A ESCRIBIR?

⇒ A editar libros xa tiña máis de trinta. A escribir por escribir comecei na

adolescencia.

COMO SE CHE OCORREU O DO ESPELLO PARA “VAIA TROPA!”?

⇒ Non é unha idea moi difícil para que se poña un poema do revés para poder ler. Os debuxos anamórficos, que se miran cun espello, vino noutros libros, é unha idea moi antiga.

CAL FOI A TÚA PRIMEIRA OBRA?

⇒ A primeira que apareceu editada é *Memorias dun río*.

GUSTÁBACHE LER DE PEQUENO?

⇒ Gustaba, si. Lía moitos chistes e novelas de aventura, de Xulio Verne, Salgari...

EN QUÉ TE INSPIRACHES PARA ESCRIBIR O MERLO DE FERRO?

⇒ Nas lembranzas da miña infancia, no meu pai e na súa forxa, na que eu xogaba moitísimo. É unha historia de agarimo e lembranza a el.

TOCABAS ALGÚN INSTRUMENTO DE PEQUENO?

⇒ Non, porque non cadrou. Gustaríame moito tocar algún con xeito.

GÚSTACHE O DEPORTE?

⇒ O deporte, sen rivalidade, é moi bonito, san e útil.

PRACTICAS ALGÚN?

⇒ Non, apenas a camiñada, andar pola natureza, que me gusta moito, aínda que non o practico todo o que debería.

GÚSTACHE O FÚTBOL?

⇒ Non sigo nada do fútbol, aínda que como deporte é tan bonito como outro calquera.

DE PEQUENO ESCRIBICHES ALGÚN LIBRO, OU CONTO?

⇒ De pequeno escribía contos e poesías pequeniñas, como eu era.

CAL FOI O ÚLTIMO LIBRO QUE ESCRIBICHES?

⇒ O último foi unha novela, que acabei este mesmo ano. Aínda non está editada.

ESTÁS ESCRIBINDO ALGO AGORA?


⇒ Estou preparando un libro de adiviñas, ao estilo do que editei este ano de trabalinguas *Non trabes na lingua*. O seu título podería ser *Adiviña esta adiviña*.

CAL É O TEU LIBRO PREFERIDO SEN CONTAR OS TEUS?

⇒ Hai moitos que me gustaron e cos que gocei moitísimo a lellos, mais non teño ningún que se poida dicir que sexa o meu libro preferido.


POR QUE ERES ESCRITOR?

⇒ Gustaríame ser escritor, si. A ver se me dá tempo a selo.






ANTÓN
GORTIZAS




O PESCADE DE TOMASA



FAI MOITO TEMPO, CHEGOU A
DOMIRÓN, UN LEÓN E O SEU AMIGO,
CROCODILO. ESTABAN BUSCANDO AXUDA
PARA SALVAR A XIRAFÁ, TOMASA.





TOMASA ESTABA NO ZOO,
TRISTE SEN OS SEUS AMIGOS.



CANDO CHEGOU A NOITE, ESTABAN
TODOS NA ENTRADA DO ZOO.
HABÍA MOITOS GARDAS, PERO NON
SE DERON CONTA DE QUE AS
FORMIGUIÑAS ENTRABAN POR
DEBAIXO DO VALADO.



OS NENOS E NENAS DE DOMIRÓN
DECIDIRON AXUDALOS. CHAMARON
A OS BOMBEÍRAS DE FERROL, E
MANDARON A FORMIGA MÁXICA.




ELA CONVERTE UNOS A TODOS/AS
EN FORMIGUÍNAS.



UNHA VEZ DENTRO, DECIDIRON ENTRE
TODOS QUE A FORMIGA MÁXICA
CONVERTISE Á XIRAFÁ TAMÉN
EN FORMIGA, PARA QUE PODESE
SAÍR DA XAULA.


CANDO TOMASA XA ERA FORMIGA, CO-
LOUSE ENTRE OS BARROTES DA XAULA
PARA VOLVER COS SEUS AMIGOS.




DE SÚPETO, NO MOMENTO DE
XUNTARSE, A MÁXICA DESAPARECEU
E DEIXARON DE SER FORMIGAS.





INTENTARON SAIR DO ZOO
ACERCÁNDOSE Á TA A PORTA,
PERO ATOPÁRONA PECHADA
PORQUE ERA DE NOITE E AS CHAVES
TÍÑANAS OS GARDAS.




A FORMIGA MÁXICA RECUPEROU OS
SEUS PODERES E DURMIU PROFUN-
DAMENTE AOS GARDAS. COLLEULLES
AS CHAVES, ABRIRON A PORTA E ES-
CAPARON CORRENDO TODOS XUN-
TOS DE VOLTA A DOMIRÓN.



NA ESCOLA, A FORMIGA MÁXICA
CONVERTEU AOS ANIMAIS EN XOGUETES
E QUEDÁRONSE PARA
SEMPRE NA ESCOLA.



OS MENOS E NENAS
DEVOLVERONLE A FORMIGA MÁXICA
AOS BOMBEIROS POR SE A
NECESITABAN PARA OUTRA
EMERXENCIA.



E COLORÍN COLORADO ESTE CANTO
ESTÁ REMATADO.

FIN

DOMIRÓN
INFANTIL



Escola de Sedes



Domirón 4º Infantil



Domirón 5º Infantil



Domirón 6º Infantil



Val 1º Primaria



Val 2º Primaria



Val 3º Primaria



Val 4º Primaria



Val 4º Infantil



Val 5º Infantil



Val 6º Infantil

Nesta páxina podes levar un recordos dos teus compañeiros e compañeiras do CRA:



Val 4º Primaria



Sedes



Domirón 4º Infantil



Domirón 5º Infantil



Domirón 6º Infantil

**ATA O AÑO QUE VEN!!
BO VERÁN!!!**

Letras Galegas 2019



ANTÓN FRAGUAS



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística